

## SAÍDA SOCIOEDUCATIVA A BAIONA E A GUARDA

**DATA:** Sábado 29 de abril


**DÍA DE INSCRIPCIÓN:** 21 de abril

**PERSOAS DESTINATARIAS:** 54 persoas maiores de 55 anos do Concello de Bergondo.

### DESCRICIÓN:

8:00 - 9:00 horas	Recollida das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo
9:00 – 12:00 horas	Traslado dende Bergondo ata Baiona con para de técnica no camiño.
12:00 – 13:30 horas	<p><b>Visita libre por Baiona</b></p>  <p>A Vila de Baiona, turística e mariñeira, está situada ao sur das Rías Baixas, protexida de mar aberto por unha preciosa baía. A súa situación é inmejorable para o abrigo das embarcacións deportivas e de pesca. O seu clima caracterízase por suaves temperaturas durante todo o ano. O seu casco antigo, foi declarado "Conxunto de Interese Histórico Artístico" pola Xunta de Galicia o 1º de marzo de 1993, V Centenario da Arribada da Carabela Pinta a Baiona, coa noticia do Descubrimento de América.</p> <p>Baiona é un lugar onde hai moito turismo, tanto o casco antigo como o paseo marítimo está sempre cheo de xente, é moi agradable atoparse cunha cidade chea de historia e moi ben coidada.</p>
13:30 – 14:15 horas	Ruta cara o Restaurante Mar y Cielo
14:15 – 16:15 horas	<p><b>Comida no restaurante Mar y Cielo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Filete de pescada</li> <li>- Xamón asado</li> <li>- Brazo de xitano</li> <li>- Pan, viño, refrescos e cafés</li> </ul>
16:30 – 18:00 horas	<p><b>Visita guiada ao Castro de Santa Trega</b></p>  <p>O Castro de Santa Trega atópase situado no alto da montaña do mesmo nome duns 300 metros de altitude dentro do termo municipal da Guarda. A localización é excelente xa que se atopa entre a desembocadura do río Miño e o Océano Atlántico. Sendo un dos castros de maiores dimensións do Noroeste.</p>

1

	<p>As orixes estímense na idade de bronce ao redor dos séculos II e I a.C. aínda que se aprecia a súa influencia romana posterior, como as casa rectangulares e as murallas defensivas.</p> <p>Predominan as construcións circulares aínda que tamén podemos observar algunha de planta ovalada e cadrada, estas últimas de clara influencia romana. Algunhas das construcións tiñan vestíbulo, construídas con muros de pedra e cubertas con madeira e palla cun alicerce central. Non tiñan xanelas o único acceso era pola porta. Comunicábanse con rúas estreitas e enlosadas. Tamén contaban con algunha praza pequena.</p> <p>Débese que ter en conta que os castros prerromanos eran redondos por motivos mitolóxicos, xa que ao non ter esquinas os espíritos non podían quedar retidos nelas. O recinto atópase amurallado con dúas portas.</p>
18:00 – 18:15 horas	Desprazamento ao pobo de A Guarda
18:15 – 19:30 horas	<p><b>Tempo libre en A Guarda</b></p>  <p>A Guarda é un singular municipio que abre as portas á desembocadura do río Miño, barreira natural que serve de fronteira entre España e Portugal. É ademais o punto máis meridional da provincia galega.</p>
19:30 – 21:00 horas	Ruta cara Bergondo
21:00 - 22:00 horas	Reparto das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo